

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:40 horas do día 15 de novembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 13 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castañón (asiste aos puntos 6, 7, 8, 9 e 10)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 5 de novembro de 2018

Apróbase a acta do 5 de novembro de 2018 cos votos de D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. María Isabel Fernández Gabriel e D^a. Olga Gómez Corbal.

b) Acta do 7 de novembro de 2018

Retírase da orde do día porque xa foi aprobada na sesión do 13 de novembro de 2018.

c) Acta do 9 de novembro de 2018

Apróbase a acta do 9 de novembro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

A secretaria informa aos membros da Mesa que por acordo adoptado na sesión do 31 de outubro de 2018 se concedeu un prazo de tres días aos licitadores para que indicasen se pertencen a un grupo de empresas para os efectos do previsto no artigo 86 do RD 1098/2001. Durante o prazo concedido todos os licitadores presentaron a documentación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:56	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-CDDH25-BA85D6-C4PCUJ-SU2L75-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

requirida.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 13 de novembro de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75- 441)

A secretaria informa aos membros da Mesa dos seguintes asuntos:

- Por acordo da Mesa do 3 de outubro de 2018 concedeuse un prazo de tres días á UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L. e MONTAJES IGLESIAS, S.L. para que puidese emendar a proposición avaliable mediante xuízo de valor xa que só estaba asinada polo representante da primeira das empresas. O licitador presentou en prazo a documentación requirida na que o apoderado de MONTAJES IGLESIAS, S.L. ratifica a oferta presentada (tanto o sobre B coma o C).
- Por acordo adoptado na sesión do 9 de novembro de 2018 se concedeu un prazo de tres días a COPCISA, S.A., EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. para que indicasen se pertencen a un grupo de empresas para os efectos do previsto no artigo 86 do RD 1098/2001. Os tres licitadores presentaron a documentación requirida.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 13 de novembro de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 7 de novembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do 31 de outubro de 2018, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. UTE ORECO, S.A. - FERROVIAL AGROMAN
2. UTE DRAGADOS S.A. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
3. UTE CIVISGLOBAL, S.L. - AVAN INTEGRAL, S.L. - C.D. INDEPO, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:56	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-CDDH25-BA85D6-C4PCUJ-SU2L75-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Durante o prazo concedido, os tres licitadores presentaron a documentación requirida, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 12 de novembro de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiu informes sobre cada unha das xustificacións presentadas nos que conclúe *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. UTE ORECO, S.A. - FERROVIAL AGROMAN
2. UTE DRAGADOS S.A. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
3. UTE CIVISGLOBAL, S.L. - AVAN INTEGRAL, S.L. - C.D. INDEPO, S.L.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 13 de novembro de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pelaio” (83-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 12 de novembro de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 13 de novembro de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pelaio” (83-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:56	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-CDDH25-BA85D6-C4PCUJ-SU2L75-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 12 de novembro de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 12 de novembro de 2018:

1. UTE ORECO, S.A. - FERROVIAL AGROMAN
2. UTE DRAGADOS S.A. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
3. UTE CIVISGLOBAL, S.L. - AVAN INTEGRAL, S.L. - C.D. INDEPO, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	94,86
2	UTE PRACE-COPSESA	94,61
3	ACCIONA CONSTRUCCION, S.A.	94,11
4	PUENTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	91,16
5	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.- CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	84,98
6	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	84,65
7	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	75,82
8	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	66,92

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:56	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-CDDH25-BA85D6-C4PCUJ-SU2L75-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pellaio” (83-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pellaio” (83-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	91,78
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,20
3	NAROM, S.L.	89,59
4	ELSAMEX, S.A.	84,48
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	84,27

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lotes 1, 2, 3, 4, 5 e 6)

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:56	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-CDDH25-BA85D6-C4PCUJ-SU2L75-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lotes 1, 2, 3, 4, 5 e 6)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lotes 1, 2, 3, 4, 5 e 6) na seguinte orde descendente:

LOTE 1: *Formigóns, morteiros, outros*

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	90,00
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	83,89
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	67,60

LOTE 2: *Materiais de albanería e sanitarios*

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	90,00
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	64,00

LOTE 3: *Materiais para carpintería de madeira*

	Clasificación de orden	Puntuación
--	------------------------	------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:56	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA94F-CDDH25-BA85D6-C4PCUJ-SU2L75-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

1	GARCI VENTA S.L.	100,0
---	------------------	-------

LOTE 4: Materiais para carpintería de aluminio

	Clasificación de orden	Puntuación
1	HIROMEGAL, S.L.	90,00
2	GARCI VENTA S.L.	41,14

LOTE 5: Materiais para fontanería e saneamento

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	98,00
2	ALVAREZ DOMINGUEZ JOSEFA.	92,86
3	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	74,00

LOTE 6: Material para instalacións eléctricas

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	90,00
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	76,98

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GARCI VENTA S.L. (lotes 1, 2, 3, 5 e 6) e HIROMEGAL, S.L. (lote 4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GARCI VENTA S.L. (lotes 1, 2, 3, 5 e 6) e HIROMEGAL, S.L. (lote 4), o día 29 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida dentro do prazo concedido. O primeiro nas datas 5 e 12 de novembro e o segundo o 12 e 13 novembro.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar GARCI VENTA S.L. (lotes 1, 2, 3, 5 e 6) e HIROMEGAL,S.L. (lote 4), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GARCI VENTA S.L. (lotes 1, 2, 3, 5 e 6) e HIROMEGAL,S.L. (lote 4), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 23 de outubro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GARCI VENTA S.L. os lotes 1, 2, 3, 5 e 6 do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) coas seguintes condicións:

a) *O prezo total de cada un dos lotes é o seguinte:*

Lote	Prezo total	IVE
Lote 1	12.508,02 euros	2.170,81 euros
Lote 2	104.923,68 euros	18.209,89 euros
Lote 3	18.090,02 euros	3.139,59 euros
Lote 5	10.978,75 euros	1.905,4 euros
Lote 6	19.048,97 euros	3.306,02 euros



Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

- b) *Propón as seguintes baixas a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT para cada un dos lotes e ás unidades non previstas no PPT:*

Maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios de cada lote consignados no PPT	Maior baixa proporcional a aplicar a cada unha das unidades non previstas no PPT
Lote 1 - 25%	Lote 1 - 0%
Lote 2 - 25%	Lote 2 - 0%
Lote 3 - 15%	Lote 3 - 0%
Lote 5 - 26%	Lote 5 - 0%
Lote 6 - 23%	Lote 6 - 0%

Adxudicar a HIROMEGAL, S.L. o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) por un prezo total de 13.793,33 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.393,88 euros, e cunha baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios deste lote no PPT do 15% e unha baixa proporcional a aplicar ás unidades non previstas no PPT do 0%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

